



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de novembro de dous mil quince; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de novembro de dous mil quince (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**DENEGACION DE COMUNICACION PREVIA DE OBRAS RIB/C/82/15.-**

Visto o escrito presentado por **Don Angel Barba Alonso na representación de Carnes do Ribeiro S.L.**, con domicilio na estrada OU-406, Nº 54, San Paio, no que solicita comunicación previa para a realización de obras na estrada OU-406, Nº 54, San Paio, deste término municipal.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 6 de novembro de 2015 no que se conclue o seguinte:

“: Respecto do cumprimento dos parámetros urbanísticos da construción:

	Normativa	<b>Proxecto</b>	
Altura máxima	B+2 (10 m) / B+1 (7m)	B+1(4,80 m)	Cumpre
Pendente máxima cuberta	40º	17º	Cumpre
Uso característico	Industrial (Almacén)	Industrial (Almacén)	Cumpre
Fronte mínimo parcela	6,00 m	8,40 m	Cumpre
Posición	Aliñacións	Existente (recuado 13,30m)	Non Cumpre
	Entre medianeiras	Existente (acaroada á construción posterior e á construción frontal) pero non ás medianeiras	Non Cumpre
Superficie máxima uso industrial	200 m <sup>2</sup>	157,50 m <sup>2</sup>	Cumpre

Trátase dunha construción en situación de fóra de ordenación. Dado que non ocupa espazos públicos, nin espazos verdes, considerase unha construción parcialmente incompatible co planeamento urbanístico. Pódense realizar obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, e reforma.



A modificación da cuberta supón un aumento de volume e unha modificación do sólido capaz, é unha actuación que non adapta a construción á normativa urbanística vixente, polo que non se permite a modificación da cuberta existente.

CONCLUSION.- Informar desfavorablemente á comunicación previa de obras para adecuación interior e exterior de edificación existente segundo PROXECTO BÁSICO DE OBRAS DE ADECUACIÓN INTERIOR E EXTERIOR EN EDIFICACIÓN EXISTENTE. Poderá presentarse nova proposta de reforma da construción sempre que se manteña o sólido capaz".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Non autorizar as obras para adecuación interior e exterior en edificación sita na estrada OU-406, nº 54, San Paio, de acordo co proxecto básico de obras de adecuación interior e exterior en edificación existente.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

#### ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Jeronimo Docampo Martinez**, con domicilio en San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº 22, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 13-10-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Oscar Nelson Albornoz Domínguez**, con domicilio na estrada de San Paio nº 48, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 13-10-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

3.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Mercedes Domínguez Ulloa**, con domicilio na rúa Lucia nº 12, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes,



acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-10-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- Visto o escrito presentado por **Don Alberto Picos Iglesias**, con domicilio na avda. de Redondela nº 23, 3ºD, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 13-10-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

5.- Visto o escrito presentado por **Don Francisco Muñiz Ferro**, con domicilio na rua Muñoz Calero nº 17, Portal 2, 2ºH, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-10-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes: .

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución concedendo autorización para a construción dun peche mediante alambrada na zona de policía da marxen esquerda do río Avía a Don Eloy Almuiña Almuiña.



- Da Secretaria Xeral Técnica, comunicando Resolución de modificación de datos no Rexistro Unico de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

- Do Servicio Provincia da AXI en Ourense, comunicando informe sobre titularidade da estrada e reclamación do Concello.

- Da Xefatura Territorial da Conselleria de Medio Ambiente Ordenación do Territorio, comunicando informe-denuncia por supostas infraccións á Lei de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.